

# CUNQUEIRO E A FARMACIA

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Farmacéutico e Numerario da Real Academia

Galega

doi:10.17075/mucnoc.2014.053





Neste ano 2011, estase a conmemorar o centenario do nacemento do egrexio escritor Álvaro Cunqueiro, unha das grandes figuras da literatura galega, española e, mesmo, universal. Un escritor, fillo do farmacéutico de Mondoñedo, que tivo moi presente, en aspectos moi significados da súa obra, a profesión de seu pai.

De Cunqueiro e a medicina algo se ten escrito. Non moito, pero aí están os traballos de García Sabell<sup>1</sup> e, sobre todo, o de Eiros Bouza<sup>2</sup>. Algo máis se merecía, pois a arte de curar ten ocupado moitos espazos de realidade e, sobre todo, de soños e fantasía na obra do insigne escritor. Pero da farmacia —das boticas—, que se saiba, pouco ou nada se ten dito, polo que o compromiso de falar delas é duplo: por unha parte, o de comezar a abrir os regos desta *terra ignota* e, pola outra, facelo con xeito e coa mínima dignidade e respecto que merece a memoria deste mindoniense ilustre.

Quizais o primeiro que habería que resaltar, como limiar deste breve traballo e como argumento necesario para chamar a atención do lector, é que a farmacia, como lle ocorre á medicina, non foi un tema menor no mundo de Cunqueiro. Quizais non sería central, como lle ocorre aos asuntos relacionados con tesouros, magos e terras afastadas ou esquecidas, pero si o suficientemente presente na súa obra como para merecer unhas consideracións que sirvan para entender e completar o seu rico universo literario.

Na obra de Cunqueiro, hai dous momentos nos que a farmacia, directa ou indirectamente, aparece como tema. O primeiro, que se sitúa na contorna dos anos sesenta, cando aínda vivía en Mondoñedo, a farmacia aparece salpicando relatos en galego como os que se atopan na *Escola de menciñeiros* (1959), nos que se describen personaxes propios da terra de Miranda que o escritor chegou a coñecer polo seu paso pola botica paterna. A segunda etapa, escrita xa totalmente en castelán, pertencen á última xeira da súa produción literaria, poucos anos antes do seu pasamento, e consiste en relatos curtos, case sempre sobre plantas medi-

---

1 D. García-Sabell: «Prólogo» de *Escola de menciñeiros*, Vigo, Galaxia, 1959.

2 J. M. Eiros Bouza: «Álvaro Cunqueiro. La medicina popular en su obra», *Jano*. Nos. 1616 e 1617 (7-13 julio e 14 julio-7 septiembre) ([www.doyma.es/jano](http://www.doyma.es/jano)).

cinais, e sobre todo o libro *Tertulia de boticas prodigiosas*, editado por Destino en 1976, que, por certo, foi a obra que lle imprimiron os seus fieis amigos cataláns cun maior luxo tipográfico.

Da primeira etapa, habería que dicir que corresponde, en parte, a esa característica da súa obra, que moitos dos seus estudosos sinalaron, na que os recordos infantís constitúen a materia da que parten e se asentan os seus sonos e fabulacións. Como di Alfredo Rodríguez<sup>3</sup> no Centro Virtual Cervantes «La condición de hijo de farmacéutico —o, más apropiadamente, boticario— coloca al pequeño Álvaro en el espacio fabulador de la rebotica de Mondoñedo». Esta referencia á *rebotica* da farmacia de D. Joaquín Cunqueiro Montenegro foi tamén sinalada, de pasada, por outros comentaristas e estudosos da súa obra, aínda que eu penso que realmente onde o pequeno Álvaro tomou boa nota do caudal de humanidade e suxestións, que alí se atopaban, non viñan do espazo interior onde se situaba a rebotica na que seu pai xogaba ao tresillo cos cóngos da catedral, senón de máis alá do mostrador. Por ese espazo aberto, pasaban os clientes que viñan buscar medicinas ou simplemente consellos para seu uso e proveito e, como en case todas as boticas da época, habería un banco no que entreter as esperas. E penso que foi alí, e non na rebotica, onde naceron moitas das historias dos menciñeiros que recolle no seu inesquecible libro.

Esta insistencia dos seus comentaristas na importancia da rebotica como inspiradora da súa obra viría posiblemente do feito de que nelas se atopa un dos aspectos da farmacia que máis evocacións literarias e artísticas suxeriron, como aconteceu, por exemplo, con moitos textos do XIX, Baroja sobre todo, ou co ben coñecido óleo de Solana ou da acuarela de Castelao. Así mesmo, algúns poetas como León Felipe e Federico Muelas eran farmacéuticos e mantiveron faladoiros literarios, por certo que no último, en Madrid, semella que Cunqueiro, xunto con Cela, foron asistentes nos anos da posguerra.

D. Joaquín Cunqueiro<sup>4</sup>, natural de Cambados e licenciado en farmacia pola Universidade de Santiago en 1900, chega a Mondoñedo cinco anos despois, procedente da Veiga de Ribadeo onde rexentaba unha farmacia, para facerse cargo do

---

3 A. Rodríguez López-Vázquez: «Álvaro Cunqueiro, o la teatralización de lo literario», Centro Virtual Cervantes (<http://cvc.cervantes.es>).

4 A. García Doural: «Un Cunqueiro boticario en Mondoñedo» (<http://www.modoñedo.net>).

novo establecemento, cuxos dereitos comprara por tres mil pesetas. Casa en 1908 con dona Josefa Mora Moirón, de Riotorto, e posteriormente, en 1909, cambia de local á esquina da planta baixa do pazo episcopal no que se instala a *Farmacia Moderna*. En 1911, nace Álvaro, segundo fillo do matrimonio e, co tempo e da man do seu pai, vai entrando en contacto coa natureza e a botánica, tal como el mesmo relata<sup>5</sup>:

O meu pai era un bo botánico, bo zoólogo e sobre todo un gran botánico. Amigo do campo, cazador e pescador, moitas tardes cunha escopeta do vinteoito dobrada debaixo da zamarra, saíamos de paseo. Ensinábame todo e aprendín de seguida. Coñecía todas as herbas do mundo: a «Festuca pantesis» e a «Daptila numenta», os treboles, os lírios... en fin, todas cantas erbas había por alí. Pronto empecei a distinguir toda esa tribu mundial, que decía Don Ramón Otero Pedrayo: o choupo, o amieiro, o salgueiro... Sabíao todo. Tamén os paxaros: si o que voaba era o merlo, si o que cantaba era o xilgaro ou o calambre. Ademais na botica do meu pai había un libro que me fascinaba. Alí viña en que época florecían os castiñeiros, os castiñeiros de índias, as clavelinas... Foi unha infancia moi feliz.

Este contacto coa botánica e a zooloxía do país, alentado polo seu pai, completábase coa man que o neno Álvaro lle botaba na botica:

Gostábame moito. En primeiro lugar sabía de memoria todos os botes con seu nomes estranos. Preguntábame, que habería dentro do bote que decía «Maná» ou no que poñía «Ópio». Sabía da pirafidona, do sulfito de fontán e toda clase de preparados. Axudáballe a meu pai a facer as pildoras e os selos na máquina, a remexer nos xarabes, a darlle o muiño da mostaza para os sinapismos. Todas aquelas cousas que se elaboraban naquel entón. Facía un bo axudante de botica.

Pero, sobre todo, como xa se sinalou, foi a clientela da farmacia, sobre todo daqueles que tiñan unha especial querenza pola práctica dunha certa medicina, a que alimentou a súa imaxinación de neno. E permitiulle, anos despois, facer retratos xeniais deste personaxes. A eles, e aos seus vencellos coa botica, aludiu explicitamente: de Perrón de Braña: «Viña moito pola botica do meu pai», de Borrallo de Lagoa: «parece que o estou vendo na botica do meu pai agardando que lle desen pastillas de clorato e un peso de aguardente alemán», de Pardo das Pontes: «viña moito pola botica do meu pai, sentábase nun recuncho», de Cabo

---

5 C. Casares: «Leria con Cunqueiro», *Grial*, 72 (abril-xuño 1981), Vigo, Galaxia, 202-209.

de Lonxe: «na botica do meu pai mercaba nitrato de prata para queimar verrugas». Tamén as boticas da contorna da terra de Miranda foron aludidas na súa *Escola de menciñeiros*, a de Labarta en Guitiriz, a de Basanta, en Vilalba e as de Ribadeo, onde Lamas Vello «gastou máis de cen pesos».

Estes relatos desta época (*Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e acolá* e *Os outros feireantes*) tiñan o seu fundamento, como semella evidente, nunha realidade que o neno Cunqueiro coñeceu moi ben. Sobre ela, con agarimo, bondade e curiosidade infinda, construía o personaxe que definía breves e significativos trazos. Constitúen unha triloxía, definida por Del Riego como «ruralismo poético», na que a vida flúe «sin deformacións e tremendismos». A farmacia desta época ten unha base realista na que as medicinas que se vendían de feito nas boticas daquela época aparecen acotío: aspirina, nitrato de prata, clorato, purgante Besoy, láudano ou, sobre todo, as plantas medicinais que tan ben coñecía, como a xenciana, macela ou a *dixitalis purpúrea*.

A segunda etapa da farmacia de Cunqueiro, caracterizada, sobre todo, polo libro *Tertulia de boticas prodixiosas* é totalmente diferente, pois aquí van ser mundos afastados no espazo e no tempo os que sirvan de referencia para un conxunto de relatos nos que a imaxinación, máis que a realidade, toman carta de natureza. O achegado e próximo da etapa anterior vai deixar paso ao exótico e extravagante desta nova xeira. De todas as maneiras, os recordos do mundo infantil que viñan da botica do seu pai van seguir sendo a súa fonte principal de inspiración, xa que, a partir desa experiencia, segundo el mesmo recoñece no seu prólogo: «Se me aposentó en la imaginación una idea de las farmacias todas del mundo, que era mágica, y fui curioso de ellas, recogiendo noticias de aquí y de allá, preocupado de elixires y venenos, de la cosmética antigua y de la gloria almibarada de jarabes y lectuarios». Este libro, escrito cinco anos antes do seu pasamento, e dedicado ao seu pai, foi para o autor como tomar unhas «placenteras vacaciones» nas que a súa imaxinación puido voar con total liberdade e o mundo real supuxo só un pretexto para artellar un conxunto de historias inverosímiles, cheas de beleza e desenfado.

Os territorios nos que sitúa as súas boticas prodixiosas supoñen todo un compendio dos mundos máis queridos e frecuentados da mitoloxía de Cunqueiro: desde os do ciclo artúrico e a materia de Bretaña até as terras de Oriente, van desfilando nunha fermosa e ben calculada desorde as boticas da Meca, do Preste Juan, de El Viejo de La Montaña, do anano Oberón, de Camelot, de Aquisgrán

ou dos reis de Tara. Os libros da biblia e as súas boticas tamén aparecen nos relatos do Rei Asuero e de Esther. E, por suposto, non podía esquecer Galicia, que aparece na botica do bispo Diego Peláez, que describe como nigromántico e voador e de quen «Don Ramón Del Valle Inclán me aseguró una vez que el más importante de los fantasmas compostelanos —conocía siete, y no se contaba él— era el fantasma de Diego Peláez».

A materia farmacéutica tiña tamén moi pouco que ver coas medicinas ao uso, e así, na botica da Meca, o po da pel do caimán «era usado como somnífero; y en infusión, contra la erisipela, y la lengua, como afrodisíaco; pero también ayuda a los senectos a conservar la memoria». Na do Vello da montaña, en Siria, utilizábase o orballo da lúa e o seme de Avicena misturado co viño de palma. Na farmacopea copta, utilizada polo Preste Juan, os diferentes tipos de ventos tiñan moita presenza, así como o incenso, para o que se dispoñía para súa aspersión de toda unha escola de incensadores «con mucho juego de muñeca izquierda, como en el toreo en el pase natural». Un capítulo importante era o dos velenos que na botica de Constantinopla eran divididos en «regios, civiles, eclesiásticos y militares», segundo a quen fosen dirixidos e que na do danés Hamlet chegaba a ter até setenta especies diferentes, ben gardadas no ollo do boticario. Os afrodisíacos tamén abundan no libro, como no caso da Botica dos libertinos europeos do XVIII onde centran todo o relato, pero que, en xeral, aparecen con máis ou menos relevo na maioría das boticas descritas.

Nesta profusión de magníficas e disparatadas historias só hai un breve momento no que o autor tinxe o seu discurso dunha certa transcendencia e seriedade cando relata o momento en que ao rei Salomón lle ofrecen na botica de Oberón o elixir da longa vida que lle concedía a inmortalidade. Contra o parecer de todos os súbditos que lle pedían que o bebese, seguiu o consello da pomba Butimar:

No bebas —dijo la paloma al gran rey en el dulce lenguaje de los pájaros— ¿Cómo puedes desear vivir cuando todos aquellos que te han amado, tus hijos, tus consejeros, tus amigos, estén en la lista de los muertos? ¿Por qué desear la eterna juventud cuando el rostro mismo de la Tierra se vaya arrugando con la edad, y los ojos parpadeantes de las mismas estrellas vayan siendo cerrados por los dedos negros de Azrael? Cuando tu vida sea un oasis en el inmenso desierto de la muerte, y cuando te des cuenta de que tu existencia eterna solamente es la prueba de una ausencia eterna, ¿quisieras verdaderamente vivir?

No vivirá nadie con quien puedas compartir un recuerdo de juventud. Solo, olvidando y olvidado, vivirás.

Imaxino ao propio Cunqueiro, con sesenta e cinco anos, doente e no outono da vida, matinando na inutilidade do mito da eterna xuventude.

Na farmacia da primeira etapa, era ben recoñecible a realidade na que se inspiraba o alento fabulador de Cunqueiro. Nesta, agás contadas referencias, o resto dos nomes que por ela transitan: El Vaez ul Kashifí, Ahmed el Gafidí, Hassan Sabbah, Nizam Al Mulik, etc. ten un a sospeita de que son puras creacións literarias. Presentábaos como certos, pero, moi posiblemente, non eran máis que o froito da súa increíble fantasía. Algo que, certamente, non ten a menor importancia nin mingua en nada o valor destes textos e que o propio Cunqueiro aceptaba compracido e divertido, afirmando que, co paso do tempo, se sentía moi fiel «en la invención de erudiciones, sin temor a ningún bachiller Rhua que salga diciendo que no hay tal griego, que tampoco sabio chino dijo tal verso y que en la Heimskringla no muere de amor ninguna doncella rubia»<sup>6</sup>.

Remato lembrando que, aínda que estes textos *farmacéuticos* de Cunqueiro non existisen, as boticas seguirían a ser un referente fundamental na súa vida. Sobre todo, a botica paterna, na que, segundo lle comentaba a Carlos Casares<sup>7</sup> nunha entrevista, o seu pai lle ensinou as primeiras letras. Por iso, para un home que foi quen de crear con palabras universos orixinais e irrepetibles, o espazo físico no que as palabras comezaron a ter para el os primeiros significados tiña que ficar marcado para sempre no máis fondo da súa alma.

---

6 Ibid. ref. (3).

7 Ibid. ref. (5).